

INSTRUCCIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES PROPOSTAS DA MATERIA DE INGLÉS – 6º DE PRIMARIA

SEMANA 30/03/20 – 3/04/20

IMPORTANTE ANTES DE COMEZAR A TRABALLAR! Todas as actividades débense realizar no caderno de inglés, **non fai falta imprimir nada**.

Ante calquera dúbida de vocabulario, acordádevos de **consultar** o seguinte dicionario en liña: <https://www.wordreference.com/>

Haberá exercicios nos que atoparedes palabras que descoñecedes. Como sempre vos digo en clase, **antes de deixar unha pregunta sen contestar, buscade o significado de cada palabra que non saibades**. Iso axudaravos a comprender o sentido da pregunta ou da frase e, polo tanto, a ser capaces de facela. **Lembrede que é mellor intentar facelo que non facer nada**, pois os que deixades de practicar e perdedes esa oportunidade sodes vós. **Sodes perfectamente capaces e con esforzo todo se consegue!** 😊

As tarefas desta semana, como as da anterior, están programadas en base ó horario normal da materia de inglés, é dicir, tres sesións semanais.

Debido a que se vai manter o calendario escolar, **este venres 3 de abril daranse por comezadas as vacacións de Semana Santa, rematando o día 13 de abril (este incluído)**. Isto quere dicir que **ata a volta destas vacacións, o martes 14 de abril, non se subirá á web do colexio ningunha actividade ou contido da materia**.

Ademais das fichas, veredes que adxuntei un documento titulado **“Answers”**, o cal inclúe as respostas para corrixir unha vez as actividades estean rematadas. É importante e recomendable **revisar todo o feito antes de corrixir** para darse conta dos posibles erros.

Ó final atoparedes unha ligazón para acceder a Kahoot!, un xogo no que se repasarán de xeito individual os contidos desta unidade e da anterior como ferramenta de autoavaliación.

Por último, gustaríame que antes de que nos vaimos de “vacacións”, me deixedes, tanto o alumnado como as familias, as vosas opinións sobre estas clases online no correo que vos proporcionei. Tereino en consideración para a organización da seguinte avaliación e así axustarme mellor ás vosas necesidades dentro das medidas que sexan posibles e as circunstancias que se presenten. Gracias!

- **Grammar: The Past Simple.**

Imos repasar a gramática desta unidade mediante a realización de cinco fichas. Antes de comezar a traballar, recomendo **revisar a conxugación do verbo “to be” en pasado (“was/were”)** nos apuntes que tendes no caderno e nas actividades xa feitas no Activity Book e no Pupil’s Book.

A continuación explico que tendes que facer en cada unha e en cada exercicio. **Todas as actividades propostas deben ser realizadas no caderno**, indicando o número de ficha antes de facer :

- ❖ **Past simple worksheet 1.**

- No primeiro exercicio tendes que conxugar correctamente o verbo seguindo o exemplo que se vos da.
- No segundo exercicio tendes que completar as frases con “was” ou “were”.
- No exercicio tres tendes que escribir as frases que se vos mostran na forma negativa.
- No último exercicio tendes que contestar con respostas curtas sobre vós.

Unha vez rematedes e **revisedes** todo, na **segunda páxina deste documento** atoparedes as respostas para corrixir.

- ❖ **Past simple worksheet 2.**

Nesta ficha vos atoparedes cun cadro onde se lembra a conxugación do verbo “to be” en pasado en todas as formas. Axudaravos a facer o exercicio, no cal tendes que ler as frases e completalas coa forma correcta do verbo.

Unha vez rematedes e **revisedes** todo, na **segunda páxina deste documento** atoparedes as respostas para corrixir.

- ❖ **Past simple worksheet 3.**

Nesta ficha tendes que ler as frases e elixir a resposta correcta. Unha vez as completades, debedes facer o último exercicio onde se vos pide que escribades tres frases **con sentido** empregando diferentes formas do verbo en pasado. Por exemplo: “Alice was eating some pancakes. She wasn’t enjoying her meal. Was she with some friends?”. Recordade a estrutura correcta dunha frase: **subject + verb + complement**.

Unha vez rematedes e **revisedes** todo, consultade o documento titulado **“Answer key exercises 6, 7 and 8”**. Hai un erro, polo que as respostas deste exercicio, o exercicio 6, correspóndese neste documento coas respostas do exercicio 5. Se tendes algunha dúbida á hora de consultar as respostas, escribídemme ó correo que vos proporcionei.

❖ **Past simple worksheet 4.**

Nesta ficha tendes que simplemente ler as frases e escoller a resposta correcta.

Unha vez rematedes e **revisedes** todo, consultade o documento titulado **“Answer key exercises 6, 7 and 8”**. Hai un erro, polo que as respostas deste exercicio, o exercicio 7, correspóndese neste documento coas respostas do exercicio 6. Se tendes algunha dúbida á hora de consultar as respostas, escribídemme ó correo que vos proporcionei.

❖ **Past simple worksheet 5.**

Nesta última ficha tendes que ler as frases e completar os espazos en branco coa forma correcta do verbo en pasado, tanto afirmativa como negativa. No último exercicio se vos pide que de novo escribades frases empregando o verbo en pasado.

Unha vez rematedes e **revisedes** todo, consultade o documento titulado **“Answer key exercises 6, 7 and 8”**. Hai un erro, polo que as respostas deste exercicio, o exercicio 8, correspóndese neste documento coas respostas do exercicio 7. Se tendes algunha dúbida á hora de consultar as respostas, escribídemme ó correo que vos proporcionei.

- **Grammar and vocabulary: Telling the time.**

A continuación das fichas sobre o Pasado Simple, atoparédesvos cun documento titulado **“What time is it”**, onde practicaremos e repasaremos as horas. Antes de poñervos a traballar, revisade a ficha que vos din onde se explica como dicir a hora en intervalos de cinco en cinco minutos. Todos os exercicios deben de ser feitos no **caderno**, especificando o título da ficha.

Cando abrades o documento atoparedes tres páxinas con exercicios, titulados **“Worksheet 45”**, **“Worksheet 46”** e **“Worksheet 47”**. Imos ir unha por unha:

- **“Worksheet 45”**. Nesta ficha pídese que pensesdes a que hora facedes certas accións durante o día. Non só tendes que pensar sobre vós, senón tamén sobre membros da familia cos que convivades na casa. Unha vez teñades isto pensado, escribide frases **con sentido** incluíndo as horas ás que ti e os teus membros da familia facedes as accións que se vos indican no cadro. Tendes un exemplo no propio documento polo que vos podeades guiar.

Cando o vaiades corrixir, veredes que escribín no documento **“Answers”** algunhas frases para que vos fagades unha idea sobre como deberiades escribir as frases e así comparalas coas vosas.

Cando rematedes e **revisedes** todas estas actividades, consultade o documento **“Answers”**, onde atoparedes as respostas para corrixir os exercicios.

- **“Worksheet 46”**. Nesta ficha simplemente tendes que observar os reloxos e relacionar a hora coa súa forma escrita correspondente mediante letras. Ó final da páxina, veredes que hai catro reloxos e catro liñas, onde teredes que escribir (**con letras, non con números**) a hora correspondente.

Cando rematedes e **revisedes** todas estas actividades, consultade o documento **“Answers”**, onde atoparedes as respostas para corrixir os exercicios.

- **“Worksheet 47”**. Nesta última ficha, ao igual que na anterior, tendes que relacionar os reloxos coa hora en formato escrito, pero esta vez con números. No seguinte exercicio, observade os reloxos e escribide con letra a hora correspondente.

Cando rematedes e **revisedes** todas estas actividades, consultade o documento **“Answers”**, onde atoparedes as respostas para corrixir os exercicios.

- **Ligazóns de repaso da unidade anterior.**

Para repasar, lembrar e practicar un pouco o contido visto na unidade anterior, deixo estas ligazóns con actividades en liña sobre a gramática da Unit 3 **“There is” e “there are”** e o uso correcto de **“some” e “any”**. Revisade antes os apuntes, as fichas, o “Pupil’s Book” e o “Activity Book” para facer os exercicios.

- ✓ <https://agendaweb.org/exercises/grammar/any-some> (ó facer clic na resposta, veredes un comentario abaixo que vos dirá “good” ou “wrong” segundo respondades ben ou mal; cando rematedes, facede clic en “next question” para continuar)

- ✓ <https://agendaweb.org/exercises/grammar/any-some-quiz-2> (facede clic na resposta correcta e ó rematar dádelles a “next” para continuar)
- ✓ <https://agendaweb.org/exercises/grammar/any-some-2>
- ✓ <https://agendaweb.org/exercises/grammar/any-some-4> (facede clic na pestana e seleccionade a resposta correcta; unha vez rematedes de facer todas frases, facede clic en “check” para corrixir)
- ✓ <https://www.superprof.es/apuntes/idiomas/ingles/gramatica-inglesa/articulos/exercises-countable-and-uncountable-nouns-some-any.html>
- ✓ <https://www.ego4u.com/en/cram-up/vocabulary/some-any/exercises>
- ✓ <https://www.ego4u.com/en/cram-up/vocabulary/some-any/exercises?02>
- ✓ <https://www.english-4u.de/en/grammar-exercises/some-any.htm>
- ✓ https://www.englisch-hilfen.de/en/exercises/confusing_words/some_any.htm

- **Xogo de repaso e autoavaliación: Kahoot!.**

Unha vez que rematedes todas as actividades desta unidade, imos xogar a Kahoot!. É importante que o fagades ó final, pois é unha ferramenta para repasar os contidos dados de xeito individual e divertido e tamén de **autoavaliación**. É igualmente moi recomendable que repasedes non só o vocabulario e a gramática desta unidade senón tamén o da **unidade anterior**, pois haberá preguntas de ambos temas. Tamén aconséllvos que **fagades primeiro os exercicios en liña sobre a Unit 3** que vos proporciono enriba.

Esta vez o Kahoot! vai ser un pouco diferente ó que xogamos na clase, pois non vai haber equipos. É un “challenge” (reto) **individual**, onde teredes que responder ás preguntas vós mesmos e mesmas. Pero segue a haber puntos! Cantos máis consigas mellor, pois significará que lembrás os contidos e que os aprendiches correctamente.

Olo! **O xogo só estará dispoñible ata o luns 6 de abril ás 8 da tarde**. Se non o completaches antes deste día e esta hora, non terás máis oportunidades para xogar.

Poderei ver quen participou no xogo e quen non, así como a puntuación que obtivo cada xogador. O resultado final **non contará para a nota final da materia**, pero si será unha guía para min á hora de ter unha evidencia do voso progreso.

Importante! Hai diferentes tipos de preguntas, as cales indico a continuación segundo a orde nas que van aparecer:

- **Ler e escribir a resposta correcta co voso teclado de ordenador ou móbil.**

- **Escribir vós co teclado do ordenador ou móbil a resposta. Observade a imaxe e escribide o nome do lugar.**
- **Ordenar as palabras para conseguir unha frase correcta e con sentido.**
- **Escribir vós co teclado do ordenador ou móbil a resposta segundo a hora que observades en cada reloxo (esta vez escribide con número, non con letra).**
- **Elixir a resposta correcta.**

Estas son as **instrucións para acceder ó xogo**:

- Abre esta ligazón: https://kahoot.it/challenge/0592022?challenge-id=aa159508-2ce6-4651-b813-7e290f13e3b2_1585622304648 e accederás directamente ó xogo.
- Verás que na pantalla aparece a frase “Join the game” (unirse ó xogo) e debaixo pon “enter nickname”. Aquí escribe **o teu nome** (non un inventado) e despois fai clic en “OK, go!”.
- Unha vez completados estes pasos, poderás comezar a xogar.
- No caso de que non funcione a ligazón anterior, proba a introducir o seguinte código **0592022** aquí: <https://kahoot.it/> . Escríbeo onde pon “Game PIN” e logo fai clic en “Enter”. Despois segue os mesmos pasos que están explicados nas liñas anteriores.

É importante que se tendes algunha dúbida ou problema antes de xogar ou no proceso de acceso ó xogo, me escribades ó correo que vos proporcionei, pois unha vez dentro non hai opción de volver atrás. Se pola contra tes problemas mentres xogas ó xogo, para e consúltao comigo mediante correo electrónico.

Enjoy!